

XORNADA

*Sinerxías educativas
en prol da innovación*



2 de decembro de 2025

9.30 - 20.30 h

Edificio de Ferro

Facultade de Educación

e Traballo Social

Campus de Ourense

Inscripcións:



XORNADA

Sinexías educativas en prol da innovación



2 de decembro de 2025

9.30-20.30 h
Edificio de Ferro
Facultade de Educación
e Traballo Social
Campus de Ourense

Universidade de Vigo

Sinexías educativas en prol da innovación

Esta xornada céntrase en visibilizar experiencias reais de innovación educativa e fomentar a reflexión sobre as prácticas pedagóxicas transformadoras. Na Facultade de Educación e Traballo Social do Campus de Ourense acollerase estudantado dos centros educativos da contorna: CEIP Mestre Vide, CEIP Manuel Sueiro e CEIP Curros Enríquez para dar a coñecer os seus proxectos ao profesorado en formación, que tamén compartirá coas crianzas as súas propostas educativas.

A xornada completarase con conferencias, debates e obradoiros prácticos nos que vivenciar metodoloxías activas e fortalecer habilidades esenciais para o seu futuro profesional dos graos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Social. A actividade será recoñecida con 8 horas de formación.

Obxectivos

- **Visibilizar proxectos innovadores:** achegar ao estudantado experiencias reais de innovación desenvolvidas en centros educativos da contorna fomentando a reflexión sobre prácticas pedagóxicas transformadoras.
- **Potenciar metodoloxías activas:** impulsar a aprendizaxe vivencial mediante a realización de obradoiros prácticos que permitan experimentar en primeira persoa as posibilidades da innovación educativa.
- **Reflexionar sobre o traballo en equipo:** sensibilizar ao estudantado sobre a importancia do traballo colaborativo, o liderado e as habilidades brandas na práctica profesional educativa.

Programa

9.30-11.30 h Exposición de proxectos innovadores dos centros participantes de Educación Infantil e Primaria.

11.30-12.00 h Merenda interxeracional.

12.00-13.30 h Actividades de animación socioeducativa a cargo do estudantado dos tres graos. Estas actividades están deseñadas dentro do programa de Aprendizaxe-Servizo.

16.00-17.00 h Mesa de debate: “A importancia do traballo en equipo, o liderado e as habilidades brandas. Recursos educativos”. Modera: Xosé Manuel Cid Fernández.

- Silvia Martínez Álvarez: Docente no CPI José García García. A práctica educativa e a implementación de metodoloxías innovadoras en contextos reais.
- Paola Guimeráns Sánchez: Investigadora da Universidade Europea de Madrid, especialista en novas tecnoloxías aplicadas á educación e desenvolvemento de habilidades dixitais.
- Almudena Alonso Ferreiro: Profesora da Universidade de Vigo, especialista en formación do profesorado e implementación de metodoloxías activas.
- Nuria Diéguez García: Directora do CFR de Ourense e profesora asociada da Universidade de Vigo.

17.00-20.00 h Obradoiros a cargo de persoal do CFR de Ourense para que todo o estudantado participante explore tecnoloxías e metodoloxías aplicables na súa futura práctica profesional.

- Obradoiro 1: Materiais manipulativos para a aprendizaxe
- Obradoiro 2: Maletas viaxeiras para o xogo como recurso educativo
- Obradoiro 3: Situación de aprendizaxe STEAM*

20.00-20.30 h Peche e conclusións. Reflexión final sobre as aprendizaxes da xornada.

* Todo o estudantado realizará os tres obradoiros ofertados en diferentes horarios

Lugar de celebración

- Exposición: Entrada edificio de Ferro
- Merenda interxeracional: Sala Multiusos Emilia Pardo Bazán
- Mesa de debate: Sala Multiusos Emilia Pardo Bazán

Organizadores

- Facultade de Educación e Traballo Social
- CEIP Plurilingüe Curros Enríquez
- CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro
- CEIP Mestre Vide
- CFR Ourense

Inscripción

Inscripción de balde a través deste formulario en liña:

<https://forms.office.com/e/QPCGUsrzcF?origin=lprLink>

